

Ola familias,

Espero que estedes ben, encarando con ánimo esta nova semana que temos por diante.

Nesta semana, aparte das orientacións xerais (rutinas diarias) que é recomendable que sempre sigades (están no documento adxunto da pasada semana), vos suxiro novas actividades atractivas e motivadoras que podedes facer con eles e continuar así co plan de programación de aula.

Unha actividade podería ser sobre a nova estación que comezou hai uns días **“A Primavera”**. Pode consistir na decoración da súa porta ou dun anaco de parede da súa habitación. As flores poden ser feitas nun folio e coloreadas por eles (axuntamos un modelo de flores no anexo de fichas complementarias), poden facer unha flor para cada un dos seus amigos/as (axudarlle a lembrar aos seus amigos de equipo ou con quen deles/as xogaba no patio de cole), tamén podedes poñer bolboretas, abellas, os arcos da vella que fixeron na pasada semana e cada día desta semana poderán facer un detalle para a súa arbore da primavera. Este traballo poderá levarse ao fin en dúas semanas, pouco a pouco...

Unhas mostras de como poderían quedar:



Ademais, como na semana anterior, preséntovos “**algunhas manualidades**”. Escolledes as que máis vos gusten. Nelas traballaremos conceptos de matemáticas ou lecto-escritura, tamén desenrolarán a súa motricidade fina, creatividade e manualidades para a súa arbore.

- **Flores de primavera**

Déixovos algunhas ideas para as flores, aínda que seguro que a vós se vos ocorren moitas máis!



- **Selos con patacas**

Podemos utilizar patacas nas que faremos a figura que queremos. Estes selos pintámolos con pintura e os plasmamos nun papel!



- **Abellas e bolboretas**




Nas seguintes **manualidades** traballaremos entre outras cousas conceptos matemáticos:

- **Asociación copa con tronco:** Podedes facer a preparación do material como vedes na imaxe. Eles tamén poderán axudar a facelo.




- **Facemos vermes de seda.** Podedes prepararlle esta sinxela ficha cos números e cabeza do verme feitos, eles poderán completalos. Ben debuxando círculos e colorealos ou con boliñas de papel ou tamén con boliñas de plastilina (o que teñades na casa).



- **Xogo de números.** Este xogo pode facerse con plastilina feita por eles. É moi fácil e lles resultará máis lúdico. Déixovos o seguinte enlace: <https://youtu.be/unVYrZ3FIG0>




Só necesitaredes dous ingredientes (maicena e crema do pelo ou de corpo). Os puntiños poden ser “gomets”. Do 1 ao 5 será máis axeitado a eles. Podedes aproveitar a plastilina para imprimir nela números ou letras.



Algunha outra actividade para traballar a lecto-escritura:


- **Xogo coa miña primeira letra:** Consiste na decoración da primeira letra do seu nome. Collage, punteados cos rotuladores, a raias ou lunares etc...



- **Xogo “¿Qué palabra falta?”:** Este xogo desenrola a atención. Pedide ao neno lista de palabras 3, 4 según vexades a súa dificultade , a lista é por temas (nomes de amigos/as, da súa familia, nomes de froitas ou animais...). Mostrarlle todas as escollidas e ir quitando de unha en unha cos ollos tapados. Ten que adiviñar cal delas vai desaparecendo. O neno/a pode axudar

a escoller as palabras e tamén a escribilas nas tarxetas antes de xogar

- **Títeres e monicreques:** Poden colorealos e despois poden xogar a facer a historia. Vos damos a mostra dun Poliño que podería ser **COCORICO** e un gato que podería ser **GATO PELADO**



Outros personaxes que lles gustan moito son o lobo e os tres porquiños. Facíltovos unha copia dos mesmos (Adxunto na páxina web nesta semana .Podedes fotocopialo)

Preséntovos tamén nun documento adxunto unhas **fichas complementarias** para facer cos nenos e nenas, podéndoas tamén facer a má copiándoas se non tedes opción de imprimir.

Por último, quero darvos unha morea de ideas de actividades feitas con palliñas que desenrolan a **motricidade fina**, son moi fáciles e sinxelas, aos nenos encantaránlles.

“12 actividades de psicomotricidad fina con pajitas”

Aquí tedes o enlace. https://youtu.be/2xPnCa_fDFc

Non vos esquezades da **lectura de contos** a diario.


Os **contos** que vos facilito esta semana son moi axeitados para estes días. Espero que lles gusten. Despois de lelos e visionalos sería bo que

vos contasen os seus pensamentos, falar dos protagonistas e incluso facer algún debuxo alusivo a eles.

- **“Coronavirus no es un príncipe ni princesa”**

<https://www.yumpu.com/es/document/read/63156813/coronavirus-no-es-un-principe-ni-una-princesa>

Ideas para debuxar podería ser... con ténpera de cores e palliñas, burbullas de xabón. Déixovos exemplos



- **¿ Y ahora que va a pasar?**

Este conto é repetitivo. Gústalles moito. E ten unha canción segundo vai aparecendo os personaxes. Fomenta a colaboración entre os amigos para solucionar as dificultades. ¡Moi divertido, xa veredes!

<https://www.youtube.com/watch?v=l-ereFdgORY>

Despois de visionalo, podedes facer algunha actividade para reforzar a memoria e a atención como as que vos indico abaixo

- Mostrarlle debuxos de animais e que diga cal é protagonista do conto.

- Ordenar os animais segundo van aparecendo no conto
- Colorear os animais protagonistas...(Hai moitas fichas de animais que tedes en internet para colorear)
- Para **Contos en galego** diríxovos á páxina web de Kalandraka. Podedes ensinarnos os contos que ides lendo con debuxos ou fotos do conto!

<http://www.kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33>

- **Así es mi corazón**



https://www.youtube.com/watch?v=SeQs_5kEyuY

Outro aspecto importante a coidar neles é o seu corpo e o desenrolo da psicomotricidade grosa .Mirade as orientacións do **profesorado de EF, Música** e tamén de **Inglés** no apartado de Infantil. Vos dan unha selección magnífica de xogos e actividades pensadas para facer na casa. A idea é que na medida do posible podedes manter o horario do cole: os luns toca inglés, os mércores música e os xoves EF.

Pola outra banda, tratade de coidar a súa mente, comprender que o neno/a está nunha situación nova e difícil para el, necesitará relaxarse moitas veces porque non pode desfogar como antes. Se me ocorre que ocupedes algún momento ao día para o coidado da súa mente. Recomendovos esta páxina moi adaptada aos nenos/as

Yoga para niños <https://youtu.be/jMOZz7GHaog>

Outras webs e aplicacións de móbil ou tablet que agora son gratuítas e coas que poden pasar un bo rato. Póño-volas abaixo:

Pupitre (Santillana) É unha boa e sinxela aplicación. Aparecen fichas de contido básico englobadas por temas: estacións, o cole, a casa, etc...

Campus digital infantil Algaida. É unha web onde encontramos recursos educativos e divertidos para os nenos e nenas. No apartado “nuevo jardín de las letras” podedes encontrar recursos para a lectoescritura xa que poden escribir o seu nome ou o dos seus compañeiros.

Splash kids 3. App da editorial Edelvives onde podemos xogar cos nenos e nenas mentres aprendemos.

<https://arbolabc.com/> Páxina web na que encontramos numerosos recursos e xogos divertidos para compartir cos nenos e nenas.

QUIVER. App na que podemos descargar debuxos con código QR para colorear e despois ver en Realidade Aumentada, é moi divertido!

Esta lista de tarefas e actividades valerá ata despois de Semana Santa. O día 11 de abril rematará o confinamento e desexo que volvamos a vernos pronto...aínda que será difícil volver ao colexio..seguiremos funcionando como ata agora. Daquela mirade as novidades na páxina web.

Lembrede que todo o que fagades podedes enviarmo ao meu correo en calquera momento. Eu irei actualizando o blog. Agradézovos moito o voso esforzo para levar a cabo esta situación, sei que non é fácil.

Tamén recordarvos que as tarefas da semana anterior tamén as podedes seguir facendo e mandando pois a miña idea é axudarvos coa tarefa aportándovos ideas pero sen interese de presionar, aínda que participedes só con unha das propostas dadas, o neno/a non perderá o contacto co seus compañeiros/as e porase moi ledos cando vexa no blog da clase o seu traballo xunto aos demais. Ademais lembre que seguimos celebrando os cumpleaños, no blog irei poñendo quen está de cumple para que podades mandar as vosas felicitacións!

Podedes solicitarme calquera axuda ou dúbida a través do meu correo.

Lembre que as vacacións de Semana Santa son do 3 de Abril ata o 13 de Abril

¡Pasade moi boa semana e tende unha tranquila Semana Santa!
¡Moitas grazas e moito ánimo e saúde para todos/as!

Paula.